



Concello de Cangas

Expediente núm.: 1877/2021

Asunto: Resolución contratación persoal Oficinas de Turismo

Procedemento: PS 21/03. Selección de Persoal ao abeiro da subvención para financiamento dos custos da dotación de persoal para a realización de tarefas de información nas oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo Rías Baixas.

PUBLICACIÓN: Por medio do presente procédesse a publicación do decreto da Alcaldía 2021-1245 de 10/06/2021, resolutorio do proceso de selección e contratación de persoal para as oficinas de turismo de Cangas adheridas á Rede de oficinas de turismo “Info Rías Baixas”, durante o ano 2021 (BOP nº 27, de 10/02/2021) con confección de lista de agarda. de seguinte contido literal:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a proposta emitida o 09/06/2021 polo tribunal ao remate do proceso selectivo de acordo co previsto nas bases aprobadas por Xunta de Goberno Local de data 29/04/2021, para a selección e contratación de persoal para as oficinas de turismo de Cangas adheridas á Rede de oficinas de turismo “Info Rías Baixas”, durante o ano 2021 (BOP nº 27, de 10/02/2021) con confección de lista de agarda.

En atención ao disposto nas bases da convocatoria procede que por parte da Alcaldía se formalice a contratación das persoas seleccionadas e aprobar os listados de substitución previstos naquela.

As contratacións se realizarán de acordo co disposto nas bases mediante un contrato laboral na modalidade de contrato temporal a tempo parcial (75 % da xornada) por un período de tempo que se estenderá dende o 11/06/2021 e ata o 10/12/2021, na modalidade de acumulación de tarefas ligada ao financiamento derivado do outorgamento da subvención antes citada cun salario bruto mensual de 1.218,35 €.

Distribuíndose os horarios de acordo co informe emitido polo departamento de turismo do xeito que a seguir se pormenoriza:

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
LIBRE	11:00h-14:00h 16:00h-18:00h	11:00h-14:00h 16:00h-18:00h	11:00h-14:00h 16:00h-18:00h	11:00h-14:00h 16:00h-18:00h	11:00h-14:00h 16:00h-18:00h	11:00h-14:12h

*Visto o anteriormente exposto e de acordo coa lexislación vixente, en particular no disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:***

PRIMEIRO: Aceptar a proposta formulada polo Tribunal e proceder á contratación de MARTINEZ COSTAS, YOLANDA, ***3838** e de VILLANUEVA RIVAS,

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 4Y6YAFQAYYGY7LK7645CX46 | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Cangas

SANTIAGO, ***1947**, coas condicións anteriormente expostas.

SEGUNDO: Aprobar de conformidade coa proposta formulada polo Tribunal de selección o listado de agarda ordenado polo resultado do proceso selectivo que está previsto nas Bases para o caso de que se producisen baixas ou renuncias dos aspirantes seleccionados e que servirá ademais para cubrir as posibles necesidades de contratación de persoal de información para as oficinas de turismo coas características das prazas do persoal seleccionado no presente proceso selectivo para o Concello de Cangas durante 2021 como Titulares, e que é como segue:

LISTAXE DE AGARDA

APELIDOS E NOME	DNI
GRAÑA RIAL, RAQUEL	***7006**
OTERO DESOJO, NURIA TERESA	***0250**
BAMIO RODAL, AMARO	***0954**
GUARDADO SOLIÑO, XABIER	***6128**
LEITES CORDEIRO, NICOLE	***1922**
BARREIRO VILLAR, TANIA	***1720**
PRADO GONZÁLEZ, LUCIA	***1813**

TERCEIRO: Que se proceda polo Negociado de Persoal a realizar as referidas contratacións e se lle dea traslado ao Negociado de Intervención e e ao Comité de Empresa e Xunta de Persoal”

RECURSOS PROCEDENTES: Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. De optarse pola interposición do recurso de reposición potestativo non poderá ser interposto recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida ser interposto calquera outro recurso que puidese estimarse máis acaído a dereito.”

Procédese a súa publicación aos efectos oportunos.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 4Y6YAFQAYYG7LK7645GX46 | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2